

Texto: **MIQUEL OBIOLS**
Ilustracións: **MIGUEL CALATAYUD**
Tradución: **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartóné. 22x30 cm.

34 páxinas a toda cor.

Dispoñible en:


- Galego: "Libro das M'Alicias"
MareMar. ISBN 978-84-8464-694-5
- Castelán: "Libro de las M'Alicias"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-92608-15-7
- Catalán: "Llibre de les M'Alícies"
Kalandraka-Hipòtesi. ISBN 978-84-937469-0-2

Prezo: 15 €

LIBRO DAS M'ALICIAS

PREMIO NACIONAL DE ILUSTRACIÓN 1992

Alicia cánsase de estar diante do ordenador, sen saber que facer, e decide saír da casa; pero non sabe que poñerse. Abre o frigorífico. No seu interior hai unha pota con coello e, nun prato branco, unha orella esquerda cun brinco de ouro con forma de estrela...



"Libro das M'Alicias" é unha mostra de vangarda creativa para lectores de todas as idades. Este libro foi seleccionado no VI Simposio sobre Literatura Infantil e Xuvenil, organizado pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez en xuño de 2000, como unha das cen obras da Literatura Infantil española máis representativas do século XX. Editado por primeira vez en 1990, é unha curiosa e divertida reescritura do personaxe de "Alicia no País das Marabillas". Consta de doce historias curtas e disparatadas, cheas de humor e fantasía, nas que Miquel Obiols presenta unha nova protagonista -díscola e irreverente- do relato de Lewis Carrol, nun mundo surrealista e estrambótico, nada convencional. Este traballo representou un antes e un despois na traxectoria artística de Miguel Calatayud e un referente esencial na súa evolución estética.

MIQUEL OBIOLS (Roda de Ter, 1945)

Licenciado en Filoloxía Hispánica, exerceu a docencia durante máis de dez anos, ata que en 1977 escribiu a obra titulada "¡Ay, Filomena, Filomena!". Dende entón compaxina o mundo da literatura infantil co da televisión. Foi creador e director de programas infantís e xuvenís como 'El planeta imaginario', 'Juego de niños', 'Pinnic' ou o espazo 'Más o menos, multiplicado o dividido'. Recibiu, entre outros, o Premio da Generalitat de Catalunya, o Premio da

- **Temática:** revisión do clásico de Alicia de Lewis Carrol
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos
- **Aspectos destacables:** relatos de humor; ilustracións de alto nivel artístico; seleccionado pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez como un dos mellores libros infantís do século XX en España

Crítica na Feira de Boloña en 1992, o Premio Ondas Internacional e a Medalla de Bronce (Nova Iorque) polo programa Pinnic. Algúns dos seus libros foron traducidos ao galego, castelán, inglés, checo e chinés. É autor de "O cadro máis bonito do mundo", editado por KALANDRAKA.

MIGUEL CALATAYUD (Aspe, Alicante, 1942)

Debuxante e ilustrador de cómic e libros infantís. Obtivo os premios máis prestixiosos, como o Lazarillo de Ilustración (1974) e o Premio Nacional de Ilustración (en 1989, 1992 e 2009). No ano 2000 foi candidato por España ao premio Hans Christian Andersen. Durante os 80 foi un dos máis destacados representantes da chamada 'liña clara valenciana'. Dirixiu varios proxectos editoriais e foi comisario das exposicións 'Animales en su tinta' e 'Originales para cinco rondallas' do Salón do Libro Infantil Ilustrado Cidade de Alicante. É autor do libro "Al pie de la letra", na colección 'Alfabetos' de KALANDRAKA.

